Pautas para o deseño dun climograma

Elaborade unha caixa con dous eixos verticais e un horizontal.

No eixo vertical esquerdo representade as temperaturas (°C), no dereito as precipitacións (mm) e no horizontal, dividido en 12 partes iguais, os meses do ano.



Agora observade os datos ofrecidos e reparade no valor das temperaturas máximas e mínimas que teredes que representar, logo facede o mesmo coas precipitacións para poder escoller as escalas acaídas tendo sempre en conta que os valores na escala das precipitacións deben ser o dobre que os das temperaturas (a unha temperatura de 10° corresponderanlle 20 mm de precipitacións.
Seguidamente representade na gráfica o valor mensual das precipitacións mediante barras.



Finalmente o das temperaturas. Poñede un punto co valor acaído no centro do mes correspondente. Posteriormente xuntádeos cunha liña.



Guion para o comentario dun climograma

INTRODUCIÓN

- Comezamos o exercicio facendo referencia a que tipo de gráfico imos comentar.
- Seguidamente describimos algunhas das principais características do climograma.

ANÁLISE

- **Temperaturas**
  - Sinalamos a temperatura máis elevada (valor e mes)
  - Sinalamos a temperatura máis baixa (valor e mes)
  - Calculamos a temperatura media (sumamos a temperatura media de cada mes e dividimos o total entre 12 -número total de meses-)
  - Calculamos a amplitude térmica (Valor da temperatura máis elevada menos o valor da temperatura máis baixa)

- **A evolución das temperaturas e o hemisferio de ubicación**

Vendo a evolución das temperaturas, tentaremos explicar en que hemisferio se localizará a gráfica. O verán é sempre a estación coas temperaturas máis altas. No hemisferio norte ten lugar de xullo a setembro, e no sur de xaneiro a marzo.

- **Precipitacións**
  - Sinalamos a precipitación máis alta (mes e valor)
  - Sinalamos a precipitación máis baixa (mes e valor)
  - Calculamos o volume total das precipitacións rexistradas (suma dos valores dos doce meses.
  - Indicamos se as precipitacións son regulares ou non, se hai estación seca ou non.

Que se considera un mes seco ou un mes húmido?
-Un mes seco é aquel no que as precipitacións mensuais son menores que a suma de dúas temperaturas.
-Un mes húmido é aquel no que as precipitacións mensuais son maiores que a suma de dúas temperaturas.

CONCLUSIÓNS

- Unha vez analizados todos os aspectos anteriores, clasificamos o clima representado no climograma e indicaremos as características básicas do mesmo.
- Indicamos a localización do clima definido.
- Definimos brevemente as características básicas dos ríos deste contorno.
- Facemos unha sinxela reseña da vexetación asociada ao clima ao que nos estamos a referir.

"Sol, auga e plantas", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0